

# REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE ACCESO A INTERNET A TRAVÉS DE REDE SEN FÍOS (wifi)

## Artigo 1.–Obxecto.

O presente regulamento de uso dos servizos de acceso da rede municipal de acceso a internet sen fíos (wifi) ten como finalidade regular a súa utilización e determinar as condicións de acceso ós contidos e servizos que, a través de internet, se poñen a disposición do usuario.

O Concello de Ortigueira poderá en calquera momento e sen previo aviso modificar as condicións de uso dos seus contidos e servizos e introducir novas condicións, respectando en todo caso as adquiridas polos usuarios con anterioridade a estas modificacións, salvo aquelas que se refiran ós prezos establecidos na correspondente ordenanza municipal e que poderán ser revisados nos supostos previstos en dita ordenanza e coas formalidades que a lexislación de réxime local establece.

## Artigo 2.–Usuarios e aceptación.

2.1. Usuarios maiores de idade: ao acceder á rede sen fíos municipal (wifi), adquire a condición de usuario. Esta condición de usuario implica obrigatoriamente a aceptación sen reservas de ningunha clase de todos e cada un dos termos das presentes condicións de uso así como das condicións específicas aplicables, no seu caso, ó contido o servizo seleccionado e as determinacións contidas na ordenanza municipal correspondente. En todo caso, calquera uso da rede municipal sen fío (wifi), está subordinado ó cumprimento estrito das presentes condicións, das condicións específicas e de calquera aviso legal e recomendación que fora de aplicación.

2.2. Usuarios menores de idade: os usuarios menores de idade para acceder e usar a rede municipal sen fíos (wifi) necesitarán obrigatoriamente autorización dos seus pais, nais e/ou representantes legais. O Concello de Ortigueira considera que si se producise un acceso ou utilización por un menor, este conta explicitamente coa correspondente autorización do seu pai, nai e/ou representante legal.

Serán os pais, nais, titores ou representantes legais dos menores, responsables do uso que aqueles fagan destes servizos, debido a que a rede sen fíos municipal (wifi) facilita un acceso libre e transparente a internet, o cal permite o acceso a contidos ou servizos que poden non ser axeitados ou que poidan estar prohibidos para os menores.

A efecto do control que aqueles poidan facer do uso responsable de internet polos menores, existen aplicacións informáticas que permiten bloquear e filtrar o acceso aos contidos e servizos que consideren non pertinentes para os menores o seu cargo.

## Artigo 3.–Características do servizo de acceso á rede sen fíos municipal (wifi).

O Concello de Ortigueira facilítalle como usuario ó acceso aos servizos de internet, garantindo un ancho de banda axeitado para unha correcta navegación.

O Concello de Ortigueira garantirá a dispoñibilidade e accesibilidade do servizo de acceso wifi con continuidade. Non obstante, pode acontecer que os cambios de direccións ip, o establecemento de novas conexións ou a actualización da rede sen fíos municipal (wifi) se ocasionen interrupcións polo tempo que resulte necesario para realizar ditas tarefas.

O Concello de Ortigueira resérvase a facultade de alterar sen aviso previo e en calquera momento a presentación e configuración do portal de acceso no seu caso, así como os seus servizos. Como usuario, reconece e acepta que en calquera instante o Concello de Ortigueira poida suspender, desactivar, ou suprimir este servizo, téndose nestes supostos en conta o establecido na correspondente ordenanza municipal respecto ao prezo do servizo.

#### Artigo 4.–Obrigas do usuario.

Os usuarios deberán utilizar o servizo de acceso a internet de forma dilixente e correcta, e comprométese a non empregalo para a realización de actividades contrarias á Lei, a moral, as boas costumes aceptadas e/ou con fins ou efectos ilícitos, prohibidos ou lesivos de dereitos e intereses de terceiros. O Concello de Ortigueira non se fará responsable do incumprimento desta obriga polos usuarios.

Os usuarios do servizo deben de absterse de alterar ou manipular as mencións de © e demais datos identificativos de dereitos de propiedade intelectual e/ou industrial do Concello de Ortigueira ou de calquera dos contidos incorporados ao portal de acceso no seu caso e demais titulares de propiedades intelectuais, sendo da exclusiva responsabilidade do usuario a infracción e consecuencias de todo orde que conleve o incumprimento destas obrigas.

#### Artigo 5.–Exclusión de garantías.

Dada a gran cantidade de factores externos e a súa responsabilidade na prestación dun servizo deste tipo, o Concello de Ortigueira non garante, nin implícita nin explicitamente, os servizos que o usuario pretenda en toda circunstancia obter de internet. Así, e sempre a título so enunciativo, o Concello de Ortigueira non garantirá:

- a) A dispoñibilidade e continuidade en todo momento e desde calquera lugar do funcionamento do servizo.
- b) O acceso sen interrupcións e en todo momento dos servizos de internet.
- c) Os niveis de calidade, interoperabilidade, velocidade e funcionalidade dos servizos de internet ós que o usuario accede desde a rede sen fíos municipal (wifi).
- d) A adecuación, idoneidade para un propósito particular e/ou específico dos servizos ofrecidos dende a rede sen fíos municipal (wifi).
- e) A veracidade, exactitude, exhaustividade, licitude, fiabilidade, actualidade e utilidade dos servizos de internet aos que se queira acceder dende a rede sen fíos municipal (wifi).
- f) A ausencia de virus ou outros elementos lesivos nos contidos ou servizos facilitados a través do servizo de acceso facilitado pola rede sen fíos municipal (wifi).

g) O acceso non autorizado e/ou alteración de datos almacenados e transmitidos sobre sitios de internet accedidos a través da rede sen fíos municipal (wifi).

O Concello de Ortigueira, salvo que expresamente se indique nas condicións específicas, non intervén na prestación dos contidos e/ou servizos subministrados por terceiras partes a través do portal de acceso wifi. Este Concello tampouco supervisa nin exerce control sobre a súa licitude, exactitude, veracidade, idoneidade, calidade, fiabilidade, autenticidade e/ou utilidade, non ofrecendo polo tanto ningunha clase de garantía sobre os mesmos.

#### Artigo 6.–Responsabilidade.

O usuario coñece e acepta de forma voluntaria que a utilización para o acceso a internet da rede municipal sen fíos (wifi) ten lugar, en todo caso, baixo a súa responsabilidade. Así e salvo nos casos en que a lei prohiba de forma imperativa limitar a responsabilidade, o Concello fronte o usuario non asume responsabilidade algunha respecto dos usos que faga deste servizo, nin dos datos ou informacións transferidas de ou desde internet.

En todo caso, se por calquera razón, algunha das exoneracións de responsabilidade son consideradas inválidas e o Concello de Ortigueira puidera ser declarado legalmente responsable dalgún dano ou perda en relación co servizo, esta responsabilidade estará limitada á cantidade efectivamente pagada polo usuario polo citado servizo.

#### Artigo 7.–Altas de usuarios.

Para empregar o servizo de acceso a internet a través da rede municipal sen fíos (wifi), os interesados deberán cumprimentar o correspondente documento de alta no servizo de acceso a internet nas oficinas municipais.

Os datos proporcionados polos peticionarios de alta no servizo serán tratados polo Concello de Ortigueira de conformidade cos termos publicados na normativa de protección de datos persoais.

Ao completar e enviar os citados formularios, o usuario é consciente e autoriza expresamente o Concello de Ortigueira para que recolla e trate automaticamente os datos de carácter persoal que se lle solicitaron con arranxo ás finalidades e baixo as condicións detalladas na citada política de protección de datos persoais.

O Concello de Ortigueira adoptou e adoptará as medidas técnicas e organizativas de seguridade que sexan de obrigado cumprimento de conformidade co estipulado na lexislación vixente, buscando un servizo fiable e de alta calidade.

Non obstante, como usuario, o mesmo recoñece e acepta que as medidas de seguridade en internet non son inexpugnables, non podendo o Concello de Ortigueira garantir a plena seguridade do uso de internet a través deste servizo.

#### Artigo 8.–Duración e terminación do servizo.

A extinción da prestación do servizo de acceso a internet mediante a rede municipal sen fíos (wifi), terá lugar:

- a) Por renuncia expresa do seu titular.
- b) Por incumprimento das condicións e obrigas establecidas no presente regulamento.
- c) Por razóns de interese público.
- d) Por impago do prezo público establecido nos termos indicados na correspondente ordenanza municipal.
- e) Por imposibilidade de prestación do servizo por parte do Concello de Ortigueira, por condicións técnicas ou outras circunstancias.

#### Artigo 9.–Dereitos do aboado.

Os dereitos do adobado son:

- a) Recibir as claves que lle posibiliten o acceso a internet, dende o seu domicilio, sempre que tecnicamente isto sexa viable.
- b) Recibir o kit necesario para o correcto acceso a internet, nos termos establecidos na correspondente ordenanza municipal.

#### Artigo 10.–Deberes do aboado.

Os deberes do aboado son:

- a) O pago do prezo público establecido na correspondente ordenanza municipal.
- b) Notificar a baixa: o aboado que desexe causar baixa no servizo estará obrigado a solicitalo por escrito ao Concello de Ortigueira, con 15 días de antelación, causando baixa o primeiro día do seguinte mes no que se efectúe dita solicitude.
- c) Non manipulacións dos kits de usuario: o aboado terá absolutamente prohibido a manipulacións dos kits, para obter calquera fin, sen que o Concello de Ortigueira teña coñecemento diso. De ter o Concello de Ortigueira constancia desta circunstancia, dará lugar á baixa do servizo, sen que se deriven dereitos de reclamación algún.

#### Artigo 11.–Recomendacións técnicas.

Para unha conexión segura á rede municipal sen fíos (wifi), recoméndase a utilización do SSID con cifrado WAP2, que o servizo dispón. En calquera caso, unha vez asociado á rede, o envío do usuario e contrasinal entre o dispositivo portátil e o servidor de autenticación realizase mediante un protocolo seguro (SSL) sobre HTTPS.

O outro SSID dispoñible non emprega cifrado, non sendo aconsellable a súa utilización para os servizos de navegación, correo ou comunicacións que conteñan datos ou informacións sensibles. En calquera caso tanto para a conexión mediante WAP2 como en aberto recoméndase a utilización de protocolos seguros como SSL e IPSec para protexer a transmisión da información.

#### Artigo 12.–Lexislación aplicable. Xurisdición.

O contido do presente regulamento e as relacións derivadas da súa aplicación réxense pola vixente Lei 32/2003, do 3 de novembro, Lei xeral de telecomunicacións, Regulamento de desenvolvemento da Lei xeral de telecomunicacións, aprobado polo Real decreto 803/2008, do 23 de maio, Circular 1/2010 da Comisión do Mercado de Telecomunicacións (BOE 9-8-2010) pola que se regulan as condicións de explotacións de redes e a prestación de servizos de comunicacións electrónicas polas administracións públicas e demais normativa de aplicación.

Para resolver calquera controversia que puidera derivarse da prestación de servizos de acceso á rede municipal sen fíos (wifi), o usuario sométese aos tribunais de ámbito local, con renuncia expresa a calquera outro foro que puidera corresponderlle.

#### Disposición final.

O presente regulamento entrará en vigor o día seguinte ao da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.